



Expediente IET: P-21-057
Proxecto: Parque eólico Treboada
Concello: San Xoán de Río, Castro Caldelas, A Pobra de
Trives e Chandrea de Queixa (Ourense) e Ribas de Sil
(Lugo)
Promotor: Wind Grower S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 21/09/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Ourense somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Treboada.

1. Antecedentes:

Con data do 11/03/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase a súa forte intrusión visual na paisaxe e fortes impactos sobre os afloramentos rochosos, valados tradicionais e aliñamentos de árbores no entorno dos aeroxeradores 6, 7, 8 e 9, e na respectiva vía de acceso. Deste xeito propoñíase estudar un novo trazado do devandito camiño e aeroxeradores así como da LAT, ao fin de minimizar os impactos paisaxísticos.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación dun parque eólico e as súas infraestruturas asociadas (acondicionado de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación transformadora, redes de subministro e torre meteorolóxica). O parque eólico, de 50 MW, estará composto por 10 aeroxeradores de 4,2 MW e 2 de 4 MW de potencia nominal, cunha altura de buxa de 105 metros y 150 metros de diámetro de rotor. O edificio do centro de control ocupará unha superficie de 217,28 m² e contará con revestimento de pedra de granito e cuberta de tella. Proxéctase unha pantalla visual vexetal que oculte a subestación mediante *Cupressus arizonica* e especies autóctonas.

O proxecto inclúe unha liña aérea de evacuación de alta tensión (LAT) de 4,64 km con 18 apoios de celosía con orixe na subestación de Treboada e final na subestación de Trives.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, a actuación localízase na grande área paisaxística das Serras Surorientais, na comarca paisaxística de Terra de Trives.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo. As máis próximas son a AEIP-02-01 Val do Río Navea a uns 2,2 km ao sueste do parque e a 46 metros da LAT, e a AEIP-05-03 Ribeira Sacra a uns 4,2 km ao noroeste do parque. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o de Pena do Xábrego e o de Matacás, a uns 4,5 km e 6,3 km ao oeste do parque, e o de Pena Folenche, a uns 3,5 km do parque e a 1,5 km da LAT.

As instalacións do parque están distribuídas en tres grupos: 5 aeroxeradores e a torre meteorolóxica 1 sobre o cordal de Cerro dos Ferreiros ao norte, a uns 4 km ao sueste outro grupo de 3 aeroxeradores no alto de Vereia, e outro grupo de 4 aeroxeradores e a torre meteorolóxica 2 na Serra de Castrelo a 3 km ao sur do anterior; a subestación localízase no lugar da Labrada, cerca do núcleo e Abelaído. Trátase dunha paisaxe de media montaña conformada por cumios baixos de relevo redondeado, con coberturas de mato, pasteiros de montaña e afloramentos rochosos (especialmente na Serra de Castrelo). As estradas principais que atravesan a zona son a autonómica OU-536 polo sur e a provincial OU-0705 polo leste. Os asentamentos poboacionais da contorna son moi numerosos e de pequeno tamaño; os núcleos principais máis próximos son San Xoán de Río (a uns 600 metros da LAT e uns 2 km do grupo central de aeroxeradores) e A Pobra de Trives (a uns 6 km ao leste).

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP leva a cabo unha caracterización da paisaxe mediante a enumeración dos elementos do Catálogo das paisaxes de Galicia presentes no ámbito de estudio (5 km de radio) e unha valoración da paisaxe baseada na calidade visual e fragilidade da mesma. Para a análise visual do proxecto apóiase en infografía dende os LEIP máis próximos, elementos do patrimonio cultural e núcleos de poboación. Tamén fai un estudo de sinerxías do proxecto xunto coa dos parques eólicos máis próximos.

As medidas de integración paisaxística contidas no EIIP son en xeral axeitadas pero á vez xenéricas. Non se mencionan as medidas de integración na fase de deseño, pero estas poderíanse relacionar co apartado 8 do ESI no que se fai unha análise das alternativas do proxecto, atendendo nun dos seus epígrafes ás indicación feitas no anterior informe emitido polo IET para os aeroxeradores situados máis ao sur sobre afloramentos rochosos.

Malia as medidas tomadas en relación á afección aos afloramentos rochosos, o proxecto segue a provocar un impacto visual a curtas e longas distancias vinculado á presenza das infraestruturas.





turas do parque, principalmente os aeroxeradores, nunha posición dominante no relevo. Ademais, as infraestruturas da LAT supoñen unha intrusión visual nas panorámicas da paisaxe derivadas do porte dos apoios e unha fragmentación de coberturas debido ás franxas libres de vexetación que esixe a súa traza, nalgún caso en zonas moi próximas a AEIP Val do río Navea.

Cabe destacar tamén o efecto sinérxico con outros parque eólicos e liñas de alta tensión situadas nas proximidades.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido se axusta ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Con todo deberán terse en conta as seguintes indicacións:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
- Para o edificio de control, debido ao tipo de edificación que constitúe, é dicir, instalación de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Enrique Luís de Salvador Sánchez

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

